

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 18 DE FEBREIRO DE 2013.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

Concelleiros:

D^a Ana María Abad López

D^a M^a Dolores Meitin Guerreiro

D^a Cristina Iglesias Guerreiro

D. José Manuel Balseiro Canoura

D. Marco López López

D. José Manuel López Hermida

D. Alberto Santos Vázquez.

D^a M^a Rosario Balseiro López

D. Manuel Angel Meitin Rouco

Secretario:

D. Luís M. Fernández del Olmo

Interventora:

D^a Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezanove horas do día dezoito de febreiro de dous mil trece, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º) RENUNCIA Ó CARGO DE CONCELLEIRO, PRESENTADA POR D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ ÁLVAREZ. TOMA DE COÑECEMENTO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do escrito de renuncia ó cargo de Concelleiro, presentado por D. José Manuel González Álvarez, con data 14 de febreiro de 2013 (Rexistro de Entrada 442) que a seguir se transcribe íntegra e literalmente:

“D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ ÁLVAREZ, con DNI n.º 76563972, comunica los siguientes hechos, en virtud del artículo 182 de la Ley Orgánica 5/1985, de 19 de junio, del Régimen Electoral General, EXPONE :

Que con fecha 22 de mayo de 2011 se celebraron las elecciones municipales a las que él acudía formando parte de la Lista del Partido Popular.

Que el Partido Popular en dichas elecciones obtuvo 1638 votos, y por lo tanto 8 Concejales.

Que tomó posesión de su cargo el día 11 de junio de 2011 tras cumplir con las obligaciones impuestas por la Ley 5/1985, de 19 de junio, del Régimen Electoral General.

Que por razones de estricto carácter personal deseo renunciar al cargo de concejal del Concello de Xove.

Por todo lo expuesto, SOLICITO

Que se tome conocimiento de mi renuncia al cargo de cargo de Concejal que ostento en estos momentos en el Concello de Xove, por el Pleno de dicho Ayuntamiento.

Polo Sr. Alcalde sinalase que é necesario agradecer o inmenso traballo realizado polo Primeiro Tenente de Alcalde nestes últimos 6 anos na área das obras municipais, engadindo que o traballo desinteresado feito por Pepe sempre será recoñecido polos veciños de Xove.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde desexando a mellor das fortunas nas novas actividades empresariais que desgraciadamente, e como consecuencia da crise o obrigan a deixa-lo cargo de concelleiro, xa que estas esixen continuos desprazamentos incluso fora do país.

Polo Sr. López Hermida, no nome do Grupo Municipal do BNG tamén quere agradecer o traballo realizado polo Sr. González Álvarez, salientando que máis aló das obvias diferenzas ideolóxicas, é necesario recoñecer a súa decisiva e positiva actuación para cambiar o caduco modelo de xestión municipal existente.

Polo Sr. Santos Vázquez sinalase que coñecendo a capacidade de traballo do Sr. González Álvarez, non dubida que terá a mellor das sortes nesta nova etapa da súa actividade profesional.

Polo Sr. González Álvarez manifestase que foi unha honra e un privilexio traballar estes últimos anos como concelleiro, agradecendo a colaboración e cooperación de tódolos membros da corporación, e de tódolos traballadores municipais e en xeral de tódolos veciños de Xove.

Rematado o debate, e en cumprimento dos arts. 9.4 do Real Decreto 2568/1986, de 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 182 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral General, o Pleno Municipal acorda:

- PRIMEIRO: Tomar coñecemento da renuncia ó cargo de Concelleiro do Concello de Xove que realiza D. José Manuel González Álvarez.
- SEGUNDO: Comunicar este Acordo á Xunta Electoral Central para que remita as credenciais de D. Leandro Quelle Franco, seguinte na lista dos que concorriron ás últimas eleccións municipais, para que poida tomar posesión do seu cargo.

2º APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA DE DATA 17 DE DECEMBRO DE 2012. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular ó borrador da acta da sesión plenaria de data 17 de decembro de 2012.

Non habendo obxeccións, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aproba-lo borrador da acta da sesión plenaria de 17 de decembro de 2012.

3º LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO MUNICIPAL CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO DE 2012. DAR CONTA.

Por Secretaría dáse conta á Corporación da liquidación do orzamento municipal correspondente o exercicio de 2012 aprobada por decreto de Alcaldía de data 23 de xaneiro de 2013, obrante no expediente, e do acordo da Comisión Informativa Especial de Contas de data 13 de febreiro de 2013.

O Pleno Corporativo dáse por enterado.

4º INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DA LEI DE ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA E DA REGRA DE GASTO.- DAR CONTA.

Por Secretaría dáse conta á Corporación dos informes do epígrafe, obrantes no expediente, e do acordo da Comisión Informativa Especial de Contas de data 13 de febreiro de 2013.

O Pleno Corporativo dáse por enterado.

5º INFORME DE TESOURERÍA E INTERVENCIÓN, CORRESPONDENTE Ó 4º TRIMESTRE DO EXERCICIO 2012, OS EFECTOS NO PREVISTO NO ART. 4 DA LEI 15/2010 DE 5 DE XULLO. DAR CONTA.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do expediente do epígrafe, obrante no expediente.

Pola Interventora Municipal explícanse os aspectos máis salientables do mesmo.

O Pleno Corporativo dáse por enterado.

6º EXPEDIENTE DE DEROGACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULAMENTADORA DA TAXA POLA APERTURA DE ZANXAS, CALICATAS E CALAS DE TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL, INCLUSIVE CARRETERAS E DEMAIS VÍAS PÚBLICAS LOCAIS PARA A INSTALACIÓN E REPARACIÓN DE CAÑARÍAS, CONDUCIÓN E OUTRAS INSTALACIÓN, ASÍ COMO CALQUERA REMOCIÓN DE PAVIMENTOS DE ACERAS NAS VÍAS PÚBLICAS. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do acordo adoptado pola Comisión Informativa de Contas, con data 13 de febreiro de 2013 que a seguir se transcribe integramente:

Polo Sr. Alcalde ponse no coñecemento da Comisión que o motivo da proposta de derogación da ordenanza do epígrafe, radica no feito de que a súa aplicación suporía na práctica gravar o mesmo feito impositivo que o que grava o de Construcións e Obras, engadindo que a derogación que se propón non terá ningún efecto sobre o nivel de ingresos municipais.

Rematado o debate, a Comisión cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, González Álvarez, Iglesias Guerreiro, Meitín Guerreiro e López López, e coa abstención do Sr. Santos Vázquez, acorda :

Informar favorablemente a derogación da ordenanza fiscal regulamentadora da taxa pola apertura de zanxas, calicatas e calas de terreos de uso público local, inclusive carreteras e demais vías públicas locais para a instalación e reparación de cañarías, conducións e outras instalacións, así como calquera remoción de pavimentos de aceras nas vías públicas, reflectida na Proposta de Alcaldía obrante no expediente.

Enterado, o Concello Pleno, cos votos a favor dos Sres. Salgueiro Rapa, Abad López, Meitín Guerreiro, Iglesias Guerreiro, Balseiro Canoura, Meitín Rouco, Balseiro López, López López, e López Hermida e coa abstención do Sr. Santos Vázquez, acorda aprobar inicialmente a derogación da ordenanza fiscal regulamentadora da taxa pola apertura de zanxas, calicatas e calas de terreos de uso público local, inclusive carreteras e demais vías públicas locais para a instalación e reparación de cañarías, conducións e outras instalacións, así como calquera remoción de pavimentos de aceras nas vías públicas e sometela ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e no taboeiro municipal de anuncios, sinalándose expresamente que no suposto de non presentarse alegacións e/ou reclamacións no trámite de información pública, o presente acordo entenderase elevado automaticamente a definitivo.

7º EXPEDIENTE DE DEROGACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULAMENTADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS EMPRESAS SUBMINISTRADORAS DE SERVIZOS DE TELEFONÍA MÓBIL. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do acordo adoptado pola Comisión Informativa de Contas, con data 13 de febreiro de 2013 que a seguir se transcribe integramente:

Polo Sr. Alcalde ponse no coñecemento da Comisión que o motivo da proposta de derogación da ordenanza do epígrafe, radica no feito de que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa sentenza 407/2013 estimou parcialmente o recurso contencioso-administrativo interposto por Telefónica Móviles España S.A. contra a ordenanza do epígrafe.

Tendo en conta que dita sentenza basease na doutrina fixada polo Tribunal Supremo, e que na práctica deixa sen contido práctico á ordenanza fiscal aprobada polo concello, non ten sentido que a mesma siga en vigor coas modificacións derivadas do cumprimento da sentenza.

Rematado o debate, a Comisión cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, González Álvarez, Iglesias Guerreiro, Meitín Guerreiro e Santos Vázquez, e coa abstención do Sr. López López, acorda :

Informar favorablemente a derogación da ordenanza fiscal regulamentadora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local polas empresas subministradoras de servizos de telefonía móbil, reflectida na Proposta de Alcaldía obrante no expediente.

Enterado, o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros acorda aprobar inicialmente a derogación da ordenanza fiscal regulamentadora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local polas empresas subministradoras de servizos de telefonía móbil, e sometela ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e no taboeiro municipal de anuncios, sinalándose expresamente que no suposto de non presentarse alegacións e/ou

reclamacións no trámite de información pública, o presente acordo entenderase elevado automaticamente a definitivo.

8º PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE OS AFECTADOS POLAS PARTICIPACIÓNS PREFERENTES E SUBORDINADAS, EMITIDAS POR NOVAGALICIA-BANCO.ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación da proposta do epígrafe que a seguir se transcribe integramente: *PROPOSTA DA ALCALDÍA*

D. JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE XOVE (LUGO).

Visto o escrito da plataforma de afectados polas participacións preferentes e subordinadas da Mariña, presentada no Concello de Xove en data 18 de xaneiro de 2013 con RE Nº 120, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Queremos que a vía arbitral siga existindo, e que o faga ao maior ritmo posible como mínimo ao ritmo de 200 laudos diarios.

Segundo.- Que informen das solicitudes de arbitraje que poda haber rexeitadas por Novagalicia Banco, a día de hoxe hai xente que ten presentada a solicitude dende fai meses e non obtén unha resposta nin favorable nin desfavorable. Isto xa está a causar desesperación, a xente necesita unha resposta para poder emprender se así o desexa outra vía, como pode ser a xudicial.

Terceiro.- Que todo aquel afectado por preferentes e subordinadas que queira emprender a vía xudicial poda facelo acolléndose á xustiza gratuíta (independentemente da súa situación persoal).

Neste tema tamén nos vemos afectados se queremos emprender esta vía polo importante incremento de taxas aprobadas polo goberno para este novo ano.

Cuarto.- Que se derroque o Real Decreto 24/2012 no cal se aplica a quita a este tipo de produtos e se obrigue a Novagalicia Banco a devolver o 100% do invertido tanto en preferentes como subordinadas.

Quinto.- Que se dea traslado a os organismos competentes (Xunta de Galicia, Goberno, Grupos Parlamentarios) do acordo adoptado.

Enterado, o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros acorda aproba-la proposta anteriormente transcrita.

ROGOS E PREGUNTAS.

Por Secretaría dáse lectura ó escrito de preguntas presentado polo grupo municipal do BNG rexistrado de entrada co número 334 de data 7 de febreiro de 2013 e que a seguir se transcribe íntegramente:

Marco López López, concelleiro-portavoz do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Xove, ao abeiro da lexislación vixente fai as seguintes **preguntas**:

- 1. A rúa do Apeadeiro estase reparando por terceira vez desde que foi arranxada na pasada lexislatura. Estas novas obras de acondicionamento estanse realizando a costa do Concello ou a súa execución corre a cargo dalgún tipo de garantía subscrita coa empresa adxudicataria da obra?*
- 2. Ao remate de cada ano son moitos os industriais e autónomos que reparten entre a súa clientela almanaques con publicidade dos seus negocios a xeito de promoción. O goberno municipal de Xove tamén recorreu a esta iniciativa como se fora un establecemento comercial máis. Canto custou o CALENDARIO 2013 do Concello (edición, maquetación, impresión e distribución)?*

3. *O Concello de Xove é un dos municipios mariñosos que figura afectado pola investigación da “Operación Rei” que se tramita no Xulgado de Instrución núm. 3 de Lugo. Solicitou a Policía Xudicial ou a Fiscalía algún tipo de documento nas oficinas do noso Concello?*

Por Secretaría dáse lectura ó escrito de **contestación ás citadas preguntas** que a seguir se transcribe integramente:

- **1º pregunta.-** Os desperfectos detectados na rúa de acceso ó Apeadero están sendo reparados pola empresa adxudicataria das obras, Naray S.L., con custo cero para o Concello.
- **2º pregunta.-** O Concello de Xove desde o ano 2009 entrega gratuitamente a principios de cada ano a tódolos veciños un almanaque que mais aló da súa utilidade práctica estase a utilizar, non para facer publicidade como si o Concello fose un establecemento comercial, senon para dar a coñecer e poñer en valor o patrimonio histórico, artístico e paisaxístico do noso Concello; así o ano 2009 levaba fotos de paisaxes de Xove, o 2010 fotos de arquitectura popular, civil e relixiosa (pazos, castros, igrexas) o 2011 fotos de tódalas antigas Escolas Unitarias, o 2012 Fotos de paisaxes de Xove e o 2013 fotos da imaxinería relixiosa representativa dos patronos de tódalas parroquias de Xove.
- Tal e como se acredita na certificación expedida pola Inteventora Municipal o custo da elaboración, confección e impresión dos últimos almanaques foi de 2.672’89€.
- **3º pregunta.-** Non.

Por Secretaría dáse conta da pregunta presentada por escrito polo Grupo Municipal do BNG con rexistro de entrada nº 452 de data 15 de febreiro de 2013 que a seguir se transcribe:

Marco López López, concelleiro-portavoz do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Xove, ao abeiro da lexislación vixente fai as seguintes PREGUNTAS:

- *Cantas mulleres vítimas de violencia de xénero solicitaron axuda ou se dirixiron dalgún outro xeito á Área de Servizos Sociais, Xuventude, Muller e Igualdade do Concello de Xove ao longo do ano 2012? E no 2011? Cal foi o protocolo de actuación dos Servizos Sociais nos casos que se deron? Na actualidade, que é desas vítimas?*

Por Secretaría dáse conta da contestación escrita á pregunta de referencia elaborada pola Concelleira Delegada de Servizos Sociais que a seguir se transcribe íntegramente.

Datos mulleres vítimas de violencia de xénero atendidas no departamento de servizos sociais do concello de Xove

Datos ano 2011

- *Nº de mulleres vítimas de violencia de xénero con orde de protección: 4*
- *Nº de mulleres que efectuaron denuncia por malos tratos: 1*

Datos ano 2012

- *Nº de mulleres vítimas de violencia de xénero con orde de protección: 2*

Protocolo de actuación

Informar: resolver as carencias de información sobre os dereitos que as asisten, recursos dispoñibles, etc., de xeito que poidan tomar unha decisión axeitada.

Clarificar-apoiar: analizar os distintos aspectos da situación, ademais de afirmar a autoconfianza da muller.

Acompañar: Se hai lesións, acompañarase á vítima ao centro médico, solicitando a presenza da garda civil. Se a vítima decide presentar denuncia, acompañarase ao posto da garda civil.

Tramitar: En caso de carecer de apoio familiar e/ou de lugar de refuxio, tramitarase o seu ingreso nun centro de acollida. En caso de carecer de ingresos, tramitaranse as axudas as que pode acceder: Salario da liberdade, Rai, Risga, etc.

Derivar: Valórase a derivación ao CIM, tanto se precisa asesoramento xurídico e/ou apoio psicolóxico.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as dezanove horas e corenta e cinco minutos, levántase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo

